

**ASUNTO: BASES PEONS RISGA 2019**

Vista a proposta contida na providencia de data 30 de abril de 2019 da concelleira de facenda e réxime interno.

**RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES Ó ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2019

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE**

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social (mod. PE 206-A), en réxime de dereito laboral e xornada parcial, dos seguintes postos para a contratación de traballador/a/es/as perceptor/a/es/as de RISGA e inscrito/a/s no Servizo Público de Emprego Estatal de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, para a realización de obras ou servizos de interese xeral que foron solicitados ó abeiro da orde de 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) y se aproba a súa convocatoria para o ano 2019, co seguinte detalle:

“ Mantemento / protección de zonas verdes” ( 8 persoas cunha xornada parcial do 75%) - Duración contrato 9 meses.

“Servizos múltiples,promoción cultura e económica” ( 4 persoas cunha xornada parcial do 75%) - Duración contrato 9 meses

“ Obras” (8 persoas cunha xornada parcial do 75%) - Duración contrato 9 meses

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

**1.1. FUNCIONES.**



FIRMAS Y FECHAS		DECRETO: 2019000593
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 02/05/2019 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/05/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/05/2019 11:28:10		Fecha: 02/05/2019 Hora: 11:28 Persona 76561868C





O persoal destinado ós plans de cooperación, desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscrito/a/s aos correspondentes servizos municipais, sendo entre outras as súas funcións:

#### PEÓNS MEDIO AMBIENTE

- Mantemento / reposición de céspedes, plantas e árbores nas rúas, xardíns, parques fontes e zonas monumentais.
- Poda, sega e tratamentos de céspedes, plantas e árbores.
- Rego e utilización responsable de auga.
- Limpeza e recollida selectiva de reciclaxe de residuos líquidos e urbanos.
- Mantemento e reposición de varandas de protección en paseos fluvial, parques e xardíns.
- Utilización e mantemento das ferramentas de traballo.

#### PEÓNS SERVIZOS MULTIPLES E CULTURA:

- Potenciar e dinamizar a cultura, colaborando co persoal do Concello en cubrir eventos (conferencias, exposicións, concertos, entregas de premios, obras teatrais, etc), así como, na abertura e peche dos diversos edificios municipais e vixilancia do correcto funcionamento e bo uso dos mesmos.
- Colaborar na organización de actividades culturais e turísticas: Traslados, montaxe e desmontaxe de mobiliario de salas exposicións, de materiais en actuacións culturais de diversa natureza....
- Mantemento e atención das instalacións culturais e de promoción económica deste Concello: atención ó público en conferencias, exposicións, concertos, entregas de premios, obras teatrais, etc, así como, atención ó público en biblioteca, edificio multiusos, torre homenaxe.... e pequenas reparacións de calquera índole ( eléctrica, carpintaría, albanelería...)

#### PEON OBRAS:

- Mantemento / reposición dos distintos elementos das vías públicas de titularidade municipal, losetas, baldosas, bolaridos, sinais de tráfico ou indicadores, etc.. así como do firme das mesmas.
- \_ Pequenas reparacións de calquera índole ( eléctrica, carpintaría, albanelería...) en edificios, instalacións ou bens de titularidade municipal.
- \_ Auxilio e colaboración co departamento municipal de obras en todas as súas actuacións.

#### 1.2. REMUNERACIÓN:

POSTO	XORNADA BRUTO	PPE	TOTAL
PEÓN 75%	1.061'82 €	176'97 €	1.238'79 €

#### 2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:





- a) Ser persoa beneficiaria de RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- b) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.
- d) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.
- g) As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

### 3.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

#### 4-OPOSICIÓN:

O sistema de selección a empregar para a resolución do presente proceso de selección consistirá na realización polos/polas aspirantes dunha proba para cada posto ofertado:

A/O/ S ASPIRANTE/S Ó POSTO PEÓN MEDIO AMBIENTE:

EXAME TIPO TEST con repostas alternativas relacionado co temario que a continuación se relaciona.

- Tema 1. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, principais edificios e parroquias.
- Tema 2. Coñecemento da situación dos seus principais parques, xardíns e zonas verdes.
- Tema 3. A Constitución Española . Principios xerais . Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.
- Tema 4. A plantación. Segá, abono. Transplantes. Poda. Sistemas de rego máis utilizados.
- Tema 5. Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en xardinería: Características e utilidades de cada un. Prevención de riscos laborais do posto.



#### FIRMAS Y FECHAS





O tempo máximo para realizar esta proba será de 30 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo de 5 puntos, correspondéndolle ao Tribunal, cando o número de aspirantes sexa notoriamente elevado ou notoriamente baixo en relación aos empregos a cubrir, determinar o nivel de esixencia para acadala puntuación mínima.

A/O/ S ASPIRANTE/S Ó PEÓN CULTURA

PROBA TEÓRICO PRÁCTICA DE CULTURA XERAL, consistente en dar resposta as preguntas/cuestións plantexadas polo tribunal relacionadas co temario adxunto, realizarase por escrito e na mesma valorarase a corrección da resposta a calidade da expresión escrita e a corrección ortográfica.

A proba relacionarase co seguinte temario:

Tema1.Ortografía e gramática básica.

Tema2.Principais edificios municipais. Atención ó publico neles.

Tema 3. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, e parroquias.

Tema. 4. Recursos culturais do Concello de Monforte de Lemos e da Ribeira Sacra. Coñecemento do Concello de Monforte de Lemos, as súas vías públicas, prazas, e parroquias.

Tema 5 . A Constitución Española . Principios xerais . Estructura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

O tempo máximo para realizar esta proba será de 30 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo de 5 puntos, correspondéndolle ao Tribunal, cando o número de aspirantes sexa notoriamente elevado ou notoriamente baixo en relación aos empregos a cubrir, determinar o nivel de esixencia para acadala puntuación mínima.

A/O/ S ASPIRANTE/S Ó PEÓN DE OBRAS

PROBA TEÓRICO PRÁCTICA RELACIONADA COAS LEBORES DO DEPARTAMENTO DE OBRAS, consistente en dar resposta as preguntas /cuestións plantexadas polo tribunal relacionadas co temario adxunto e realizarase por escrito e na mesma valorarase a corrección da resposta a calidade da expresión escrita e a corrección ortográfica.

A proba relacionarase co seguinte temario:



Tema 1. Mantemento das instalacións e infraestruturas municipais.

Tema 2. Vías, beirarúas, locais de titularidade municipal.

Tema 3. Coñecementos básicos de albanelaría e fontanería.

Tema 4. Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en albanelaría e fontanería. Características e utilidades de cada un. Prevención de riscos laborais do posto.

Tema 5 . A Constitución Española . Principios xerais . Estrutura e contido. Principio de igualdade. Tutela contra a discriminación.

OS ASPIRANTES QUE SUPERARAN AS PROBAS PRACTICAS OU TEORICO PRÁCTICAS dalgunha das modalidades, ( peón de medio ambiente, peón de cultura ou peón de obras), realizarán unha entrevista curricular que se puntuará cun punto como máximo, onde se valorará a dispoñibilidade e aptitudes para o traballo.

En caso de empate trala suma das puntuacións obtidas nas probas teórico practicas e na entrevista curricular terán preferencia, en todo caso as persoas perceptoras da RISGA que :

1º- Teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.

2º Os que teñan cargas familiares

3º Os maiores de 25 anos.

Para o caso de que algún dos aspirantes resultara seleccionado para as dúas modalidades, medio ambiente e cultura, será seleccionado para aquela modalidade na que obtivera mellores cualificacións. No caso de empate na puntuación en ambas especialidades , este resolverase por sorteo publico.

#### 5. - DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

Formará parte da Comisión de Selección unha persoa nomeada pola Xunta de Galicia tal e como dispón o a Orde orde de 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria

O Órgano de Selección que, valorará os méritos e xulgará os exercicios do proceso selectivo, a súa composición colexiada deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a que actuara con voz pero sen voto e seis vogais así como os respectivos suplentes, será nomeado por resolución da alcaldía.





Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade. Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto, excepto o Secretario, que terá voz e non voto, salvo no suposto no que o Tribunal, por ausencia dalgún dos seus membros titulares e suplentes, estea composto por número par.

Para a válida constitución do órgano requirirase a presenza do Presidente e o Secretario, ou se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais e suplentes indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e aplicar o baremo correspondente establecido por dito órgano colexiado antes do inicio de ditas probas, tendo ademais competencia e autoridade para resolver cantas incidencias se presenten no proceso selectivo e se atopen previstas nas presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico e de procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto no art. 29 da citada lei.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases deste convocatoria durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velará polo seu bo desenvolvemento, cualificará as probas establecidas e aplicará o baremo correspondente.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde- Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.





## 7.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultados das probas, realizadas as valoracións a Comisión de Selección formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados e formulará a correspondente proposta de contratación das persoas candidatas remitíndose a mesma, á Alcaldía. A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>) . Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo. Igualmente poderá formarse, se a Corporación o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

## 8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar ó día seguinte o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 2.-Tarxeta de demandante de emprego.
- 3.-Documentación acreditativa de ser persoa beneficiaria da RISGA, así como, de que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e de ter cargas familiares, de ser caso.
- 4.Certificado de conta bancaria.
- 5.Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- 6.Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.

Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable .

## 9.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:





- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorra un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 do 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SEGUNDO.- Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Solicitar o SEPE a oferta de emprego prevista nas bases e na orde de 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) y se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 02/05/2019  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 02/05/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/05/2019 11:28:10

DECRETO: 2019000593  
Fecha: 02/05/2019  
Hora: 11:28  
Persona 76561868C

